



[www.protokoloa.eus](http://www.protokoloa.eus)

Hizkuntza  
Eskubideak  
Bermatzeko  
Protokoloa

**Protocolo  
para a Garantía  
dos Dereitos  
Lingüísticos**



www.protokoloa.eus







# Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos

*«Toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.»*

**DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS, artigo 2**

# INTRODUCCIÓN

Os dereitos lingüísticos deben incluírse, sen dúbida, entre os dereitos humanos fundamentais. As linguas son para a comunicación, mais a realidade lingüística non pode limitarse só á dimensión comunicativa, xa que as linguas non se poden separar das culturas. Cando se nega a ligazón entre as linguas e as culturas, non se respecta a dignidade de falantes e cidadanía. Dese xeito, apoiar a diversidade lingüística forma parte da defensa dos dereitos de todas as persoas. Por ese motivo, este documento tamén vai abrir unha canle para contribuír ao benestar social e á coexistencia pacífica, porque traballar cara a un tratamento democrático das comunidades lingüísticas é un xeito de garantir que se respecten todos os dereitos humanos.

Todas as linguas son a expresión dunha identidade colectiva e dun xeito diferenciado de percibir e describir a realidade e, polo tanto, deben gozar das condicións necesarias para o seu desenvolvemento global. Todas as linguas confórmanse de xeito colectivo e están dispoñíbeis dentro dunha comunidade para o seu uso individual como ferramentas de cohesión, identificación, comunicación e expresión creativa. Por ese motivo, os e as asinantes deste documento pensamos que todas as comunidades lingüísticas teñen dereito a organizar e xestionar os seus propios recursos para garantir o uso da súa lingua en todos os contextos na sociedade e tamén a ter ao dispor os medios precisos para garantir a transmisión e continuidade da lingua.

Un dos trazos característicos de Europa foi sempre a diversidade lingüística. Non hai nin un só estado europeo monolingüe e a diversidade vai en aumento debido á mobilidade das persoas.

Mais o xeito en que se xestiona esa diver-

sidade en Europa varía moito entre os diferentes lugares, o que é un motivo de preocupación, xa que se os dereitos lingüísticos se inclúen entre os dereitos básicos e se hai pasos a favor dunha Europa máis xusta baseada na igualdade, un dos seus piares básicos terá que ser a xestión democrática da diversidade.

As diferenzas no xeito de xestionar a diversidade van desde, nun extremo, centrarse no establecemento e mantemento do recoñecemento e apoio ás comunidades en situacións minoritarias até as situacións no extremo oposto, nas que a propia existencia de comunidades en situación minoritaria non se recoñece. Entre os dous extremos, en Europa existe unha grande variedade de políticas moi diferentes na xestión da diversidade lingüística.

A pesar dos contrastes nestas políticas, hai moitas semellanzas entre os grupos de cidadáns e cidadás que traballan en calquera lugar no apoio á recuperación das linguas minoritarias. Independentemente das diferenzas nas circunstancias das linguas, en xeral obtéñense os mellores resultados por medio da implicación da sociedade civil e das organizacións de base. A sociedade civil abriu camiño no desenvolvemento de proxectos para a creación de novos altofalantes para as linguas en perigo. A sociedade civil abriu camiño no desenvolvemento de proxectos para crear novos espazos para os falantes desas linguas. A sociedade civil abriu camiño no desenvolvemento de proxectos para crear ferramentas que posibilitan vivir nas linguas minoritarias. E, sen dúbida, hai décadas que é a sociedade civil a que reivindica o dereito a vivir nesas linguas. En resumo, a sociedade civil traballa historicamente e de xeito continuado en campañas a favor da democracia real, e iso tamén dá dereito á sociedade civil a decidir que pasos é preciso dar no futuro.

# PREÁMBULO

O 17 de decembro de 2016, en Donostia / San Sebastián, os e as asinantes deste Protocolo, ratificamos os principios básicos acadados por medio dun proceso participativo a nivel europeo e

- ***Aceptando*** todos os principios establecidos pola Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos aprobada en 1996 en Barcelona,
- ***Aceptando*** a inclusión dos dereitos lingüísticos entre os dereitos básicos e a necesidade de protexelos como prioridade para a construción dunha sociedade máis democrática.
- ***Considerando*** que os e as asinantes deste documento fixemos relevantes contribucións aos procesos de recuperación de linguas en situación minoritaria nos últimos anos, axudando á existencia de novos falantes, creando ferramentas para a lingua, creando espazos para o uso da lingua e actuando de acordo coas necesidades desas linguas en cada caso,
- ***Advertindo*** que non se aprobou ningún instrumento que recoñeza completamente nin protexa de xeito conxunto os dereitos lingüísticos en Europa,
- ***Sendo conscientes*** da ausencia no presente dunha ferramenta práctica, eficaz e unificada creada e desenvolvida pola sociedade civil de Europa para garantir a xestión democrática das linguas,
- ***Preocupados*** porque moitos dos cidadáns e cidadás europeas, pola naturalización do fenómeno dos grupos minoritarios, non sexan conscientes dos seus propios dereitos lingüísticos,

**acordamos o seguinte:**

## ARTIGO 1 : SUXEITOS

Os suxeitos protexidos polos dereitos deste Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos serán os mesmos que os cubertos pola Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, os supostos e conceptos que se establecen nela tamén se asumen neste documento. Este Protocolo toma como punto de partida o principio de os dereitos lingüísticos seren individuais e colectivos ao mesmo tempo. Este Protocolo entende como comunidade lingüística calquera sociedade humana establecida historicamente nun espazo territorial concreto, estea ou non recoñecido este espazo, que se identifique a si mesma como pobo e teña desenvolvido unha lingua común como xeito de comunicación e cohesión cultural entre os seus membros. O termo lingua propia en relación cun territorio refírese á lingua da comunidade establecida historicamente en dito espazo. Ademais, como establece a Declaración, este Protocolo considera como grupo lingüístico calquera grupo de persoas que comparten a mesma lingua que se estableza no espazo territorial doutra comunidade lingüística.

Este Protocolo considera que os seguintes son dereitos persoais inalienábeis que poden exercerse en calquera situación: o dereito a ser recoñecido como membro dunha comunidade lingüística; o dereito a usar a lingua propia en privado e en público; o dereito a usar o nome propio; o dereito a relacionarse e asociarse con outros membros da comunidade de orixe propia; e o dereito a manter e desenvolver a cultura propia.

## ARTIGO 2 : OBXECTIVOS

O Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos ten tres obxectivos principais :

- Declarar que a garantía dos dereitos lingüísticos e do desenvolvemento das linguas son chave para unha coexistencia pacífica.
- Crear un instrumento eficaz para a igualdade lingüística e a promoción das linguas que se atopan en situacións desfavorábeis.
- Asegurar que a comunidade lingüística participe neste proceso e reivindicar que a implicación da sociedade garante a igualdade de condicións.

## ARTIGO 3 : VALORES

**3.1.** O Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos céntrase en catro valores e principios fundamentais:

- **Convivencia pacífica.** O Protocolo quere ser un instrumento que contribúa ao benestar social e á coexistencia pacífica, que dependen das condicións nas que viven as persoas e os grupos sociais. A paz tamén depende do respecto pola dignidade das comunidades lingüísticas. O noso obxectivo foi crear as condicións para facer posíbel o concepto de *pax linguae*.
- **Diversidade.** Apoiamos a diversidade lingüística, entendida como un ben cultural do conxunto da sociedade. Cremos que protexer esa diversidade é o deber ético de todos e todas. Hai potentes forzas e inercias que favorecen a uniformidade cultural das persoas e das sociedade, o que equivale a empobrecemento, polo que pensamos que é importante promover a diversidade lingüística como valor positivo.
- **Igualdade.** Mantemos que todas as linguas do mundo teñen o mesmo valor. Porén, na actualidade hai grandes dife-



renzas nas súas situacións. Algunhas linguas atopan obstáculos para o seu desenvolvemento e a igualdade de todos os cidadáns e cidadás como principio fundamental non está garantida.

- **Dereitos:** defendemos os dereitos de todas as persoas e grupos, de acordo co texto da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos no que se recoñece o dereito a todas as persoas a non sufriren discriminación por motivo da súa lingua. Así, o noso obxectivo é coherente co espírito e o texto da Declaración Universal dos Dereitos Humanos ao recoñecer os dereitos lingüísticos das persoas, grupos e das comunidades en conxunto.

**3.2.** Tendo en conta os prexuízos e desigualdades que afectan ás condicións de moitas das comunidades lingüísticas europeas hoxe en día, cremos que dar prioridade ao apoio ás linguas que se atopan en desvantaxe constitúe un paso na dirección dunha maior igualdade. O único xeito de promover a diversidade lingüística é facilitar as condicións sociais, políticas e económicas favorábeis ao desenvolvemento das linguas. Para legarmos ás xeracións futuras unha herdanza cultural e lingüística o máis rica posíbel, é preciso crear agora as condicións para garantir igualdade de oportunidades para todas as persoas e comunidades.

## ARTIGO 4 : SOCIEDADE CIVIL, A CHAVE

**4.1.** Queremos recoñecer o importante papel que xoga a sociedade civil organizada no ámbito das comunidades lingüísticas en Europa. A vontade de traballar cara a unha sociedade máis democrática fixo que as organizacións de base expresasen demandas e aspiracións que levaron a unha maior sensibilización cidadá sobre eses temas.

**4.2.** En toda Europa, as comunidades lin-

güísticas teñen dado pasos para permitir á xente vivir as súas vidas nas súas linguas propias. Hai centos de organizacións nas comunidades que actúan en diferentes ámbitos co obxectivo de apoiaren as linguas minorizadas. O presente documento quere tornarse nun lugar de encontro onde a sociedade civil europea lidere o proceso do fomento da diversidade lingüística.

**4.3.** Debido a que centos de persoas sen ningún tipo de dependencia política nin institucional que actúan polas necesidades das linguas constitúen os portavoces simbólicos de millóns de falantes, o contido deste documento xorde dun consenso entre entidades sociais que traballan para apoiar as linguas minoritarias, e é iso o que outorga a súa maior validez ao Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos.

Neste contexto, as entidades sociais que asinan o Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos comprometémonos a incorporar o presente documento nos nosos principios básicos, co obxecto de garantir unha posición unida entre as entidades sociais europeas.

## ARTIGO 5: REFERENCIAS

**5.1.** A Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos de 1948 expresa no seu preámbulo a súa confianza nos dereitos humanos fundamentais, na dignidade e valor das persoas e na igualdade de dereitos de homes e mulleres; no seu segundo artigo, establece que todas as persoas teñen todos os dereitos e liberdades independentemente da lingua, entre outras cousas.

O Preámbulo da Convención para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais do Consello de Europa expresa que o obxectivo do Consello é a conse-

cución dunha maior unidade entre os seus membros e que un dos métodos para acadar ese obxectivo é o mantemento e un maior desenvolvemento dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais. O artigo 14 da Convención establece que debe asegurarse que se poida gozar dos dereitos e liberdades sen discriminación por ningún motivo, como a lingua.

**5.2.** Entendemos a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos de Barcelona de 1996 como unha continuación dos principios defendidos por eses dous documentos fundamentais, cuxas premisas desenvolve o Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos, que se redixiu tomando a Declaración de 1996 como base principal de referencia.

**5.3.** Ademais, adoptáronse os indicadores propostos no relatorio da UNESCO de 2003, «Vitalidade lingüística e linguas en perigo» como ferramenta complementaria para os indicadores de avaliación das medidas do Protocolo.

Ademais, utilizáronse outras referencias para o desenvolvemento do Protocolo (ver apéndice 1).

## **ARTIGO 6 : ESTRUTURA DO PROTOCOLO**

Aínda que somos conscientes de que o termo protocolo se aplica a acordos menos formais que os acordos e tratados, o Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos baséase nun documento concreto, a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos e enumera medidas co obxectivo de protexer os dereitos recoñecidos por esa Declaración, que se segue a xeito de guía.

O Protocolo ten tres partes principais:

### **6.1. ÁMBITOS**

O Comité Organizador do Protocolo decidiu manter a clasificación de ámbitos que establece o documento da Declaración. Recoñécense sete ámbitos ou sectores:

- > Principios xerais, discriminación e dereitos
- > Administración pública e organismos oficiais
- > Educación
- > Ámbito socioeconómico
- > Onomástica
- > Medios de comunicación e novas tecnoloxías
- > Cultura

### **6.2. MEDIDAS**

Indícanse as medidas para protexer os dereitos proclamados na Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, propostas polos implicados nos procesos de recuperación das linguas minorizadas para cada un dos ámbitos.

### **6.3. INDICADORES**

Sinálanse indicadores para avaliar o grao de cumprimento das medidas, de forma que, de avaliarse positivamente todas as medidas indicadas no Protocolo, podería dicirse que os dereitos lingüísticos da comunidade en cuestión estarían garantidos.

## **ARTIGO 7 : INDICACIÓNS PARA O USO DO PROTOCOLO**

### **7.1. SECUENCIA E CALENDARIO**

A situación na que se atopan as comunidades lingüísticas minorizadas varía moito nas diferentes partes de Europa. Como se indica na introdución, a diversidade lingüística tratouse de diferentes xeitos nos últimos anos, e estes diferentes tratamentos afectaron de xeito directo á garantía dos dereitos lingüísticos.

Por este motivo, as entidades sociais das comunidades lingüísticas determinarán a secuencia e o calendario do cumprimento das medidas deste Protocolo.

### 7.2. O CADERNO

Para aplicar o calendario sinalado na sección anterior e facilitar o traballo das entidades sociais, o Protocolo irá acompañado dun Caderno. As entidades sociais que asinen o Protocolo cubrirán o Caderno para garantir que levaron a cabo as medidas do Protocolo e que poden facer un seguimento do grao de cumprimento dos seus indicadores.

O Caderno inclúe instrucións pormenorizadas sobre como cubri-lo.

### 7.3. PREPARACIÓN DO CADERNO

As entidades sociais cubrirán o Caderno baseándose no Protocolo.

Despois de indicar no CADERNO que medidas do Protocolo se van completando, teñen que indicar en que orde se deben tomar as demais medidas, xunto cos indicadores para o seu grao de cumprimento e as secuencias. É importante compilar todas as medidas incluídas no Protocolo no Caderno para cada lingua, porque completar todos os pasos implica que hai garantías para todos os dereitos lingüísticos.

Porén, as entidades sociais, cando cubran o Caderno, terán a opción de suxerir outras medidas intermedias que favorezan a consecución dos pasos indicados neste documento.

### 7.3. SEGUIMENTO DO CADERNO

Unha vez cuberto o Caderno, as entidades sociais poden usalo para interpelar as institucións locais, provinciais, autonómicas ou estatais responsábeis da diversidade lingüística e das políticas lingüísticas, nas que as entidades sociais poden sinalar o apoio recibido polo Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos no proceso ou na súa

ratificación.

### 7.4. ADHESIÓN DAS AUTORIDADES PÚBLICAS

As entidades farán un labor específico para animar as autoridades públicas a nivel local, provincial, autonómico ou estatal implicadas no mantemento de políticas lingüísticas a responderen de xeito positivo ás pautas establecidas no Protocolo e tamén aceptaren o propio Protocolo como ferramenta lexítima. As entidades tamén traballarán para convencer as autoridades públicas a aplicaren as medidas deste Protocolo e a destinaren os recursos axeitados para isto.

## ARTIGO 8 : COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Establecerase unha Comisión de Seguimento para supervisar a aplicación do Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos a partir do 17 de decembro de 2016.

### 8.1. CONSTITUCIÓN

De acordo co espírito orixinal e fundamental do Protocolo, a Comisión de Seguimento do Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos estará conformada por entidades sociais.

A primeira Comisión de Seguimento estará conformada polos membros do Comité Organizador responsábeis de impulsar o Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos. Os seguintes membros serán escollidos pola propia Comisión de Seguimento.

#### Esas entidades son :

- CIEMEN
- ECMI European Centre for Minority Issues (Centro Europeo para os Temas Relacionados coas Minorías)

- LINGUAPAX INTERNATIONAL
- ELEN European Language Equality Network (Rede Europea pola Igualdade Lingüística)
- UNPO Unrepresented Nations and People Organisation (Organización das Nacións e Pobos Non Representados)
- PEN INTERNATIONAL

KONTSEILUA, o Consello de Organizacións Sociais do Euskera, será responsábel do Secreariado da Comisión de Seguimento.

## 8.2. FUNCÍONS

A Comisión de Seguimento levará a cabo catro funcións principais:

### A. Obter a adhesión ao Protocolo por parte de entidades sociais

A Comisión de Seguimento traballará para conseguir máis asinantes para o Protocolo entre entidades sociais a favor das linguas.

### B. Aplicación do Protocolo en políticas internas

A Comisión de Seguimento controlará as solicitudes de aplicación do Protocolo por entidades das comunidades lingüísticas. A Comisión proporcionará apoio neste ámbito para coordinar o grao de cumprimento do Protocolo.

### C. Coordinación e distribución do Caderno

Cando as entidades sociais cubran o seu Caderno, remitirán unha copia á Comisión de Seguimento, que utilizará ese material para axudar a outras comunidades lingüísticas a completar o seu propio Caderno.

### D. Recoñecemento institucional do Protocolo

Tamén controlará os esforzos das entidades sociais por acadar o recoñecemento do Protocolo por parte de institucións locais, provinciais, rexionais ou estatais.

A Comisión de Seguimento tamén manterá unha lista actualizada de institucións locais, autonómicas e estatais que recoñecen o Protocolo.

### E. Lexitimación do Protocolo polas institucións internacionais

A Comisión de Seguimento traballará de xeito continuo para obter o recoñecemento do Protocolo por parte das institucións internacionais e para que se torne un documento de referencia.

## ARTIGO 9

Unha vez asinado o documento, enviarse unha copia do Protocolo e outra copia do Caderno ás seguintes institucións:

- Secretario xeral das Nacións Unidas: Sr. António Guterres
- Alto comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos: Sr. Zeid Ra'ad Al Hussein
- Relatora especial das Nacións Unidas sobre Asuntos das Minorías: Sra. Rita Işák
- Secretario xeral do Consello de Europa: Sr. Thorbjørn Jagland
- Presidente do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos: Sr. Guido Raimondi
- Comisario do Consello de Europa para os Dereitos Humanos: Mr. Nils Muižnieks
- Secretario xeral da Organización para a Seguridade e Cooperación en Europa: Sr. Lamberto Zannier
- Alta comisaria para as Minorías Nacionais (HCNM) da Organización para a Seguridade e Cooperación en Europa: Sra. Astrid Thor

**Asinado en Donostia / San Sebastián  
17 de decembro de 2016**

# MEDIDAS

## 1. PRINCIPIOS, DISCRIMINACIÓN, DEREITOS

Medidas relacionadas cos artigos 1, 2, 5, 7 e 10 da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos

### A. DEREITOS LINGÜÍSTICOS

1.	Existe unha normativa que establece que os dereitos lingüísticos son dereitos humanos	1
2.	En relación cos dereitos fundamentais de todos os cidadáns e cidadás que falen calquera lingua, todas as persoas teñen a axuda gratuíta dun ou unha intérprete se non entenden ou non falan a lingua que se fala nos tribunais (Os dereitos dos membros da comunidade lingüística garántenos as medidas 29-34).	2
3.	En relación cos dereitos fundamentais de todos os cidadáns e cidadás que falan en calquera lingua, calquera persoa detida recibe información puntual, nunha lingua que entende, sobre os motivos da súa detención e sobre os cargos contra ela.	3

### B. DISCRIMINACIÓN LINGÜÍSTICA

1.	A lexislación establece que ningunha discriminación lingüística é aceptábel.	4
----	--	---

### C. STATUS LINGÜÍSTICO: LINGUA OFICIAL

1.	A lei outorga recoñecemento e status oficial á lingua minorizada.	5
----	---	---

### D. LEXISLACIÓN

1.	A administración establece e aplica leis e decretos para desenvolver e regular o status oficial da lingua minorizada.	6
----	---	---

2. Garántese que é posíbel levar a cabo toda a actividade na lingua minorizada.

7

## E. MEDIDAS DE CORRECCIÓN

1. Se a lingua da comunidade lingüística en cuestión está nunha situación minorizada, a administración leva a cabo medidas complementarias específicas de corrección para garantir os dereitos lingüísticos da comunidade.

8

## F. RECURSOS

1. Garántense recursos públicos materiais, financeiros e humanos para protexer os dereitos lingüísticos da comunidade.

9

## G. DISCRIMINACIÓN POSITIVA

1. Dáse prioridade ás linguas minorizadas por diante da lingua oficial hexemónica.

10

## H. PRINCIPIO DE UNIVERSALIDADE

1. Promóvense medidas para universalizar o coñecemento da lingua minorizada, especialmente no ámbito educativo.

11

## I. PERSPECTIVA XERAL

1. Incorpórase unha perspectiva transversal ás accións da administración; defínense e concretanse medidas e criterios xerais aplicábeis a todas as seccións, departamentos e partes da institución pública, de xeito que a lingua minorizada sexa a lingua de atención ao público e de funcionamento interno.
2. Para aplicar medidas para protexer os dereitos lingüísticos, o órgano administrativo asigna á política lingüística un lugar na dirección política dentro da administración de xeito que teña poder para exercer unha influencia directa e relevante nas outras seccións.

12

13

## L. NÚCLEOS LINGÜÍSTICOS, ESPAZOS PARA A LINGUA

1. Nas zonas nas que a lingua minorizada sexa a dominante, as administracións e institucións garanten especial recoñecemento e protección.

14

## M. MEMORIA HISTÓRICA

1. A administración pública proporciona recursos para promover a comprensión actual do contexto da perda lingüística.

15

## 2. ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ORGANISMOS PÚBLICOS

Medidas relacionadas cos artigos 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21 e 22 da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos

### A. ATENCIÓN NA LINGUA MINORIZADA

#### 1. A LEXISLACIÓN GARANTE O DEREITO DA CIDADANÍA A RECIBIR ATENCIÓN NA LINGUA MINORIZADA

- |      |   |    |
|------|---|----|
| 1.1. | As normativas establecen que os procedementos administrativos orais e por escrito na lingua minorizada terán validez legal plena. | 16 |
|------|---|----|

#### 2. GARANTÍA DE QUE TODOS OS SERVIZOS AO PÚBLICO SE FORNECEN NA LINGUA MINORIZADA

- |     |   |    |
|-----|---|----|
| 2.1 | As administracións fornecen o servizo á cidadanía (oral e por escrito) nas linguas minorizadas. | 17 |
|-----|---|----|

- |      |   |    |
|------|---|----|
| 2.2. | As administracións garanten que o persoal de atención ao público ten competencias lingüísticas axeitadas. | 18 |
|------|---|----|

- |      |   |    |
|------|---|----|
| 2.3. | As diferentes áreas administrativas aplican un plan xeral lingüístico para forneceren os servizos na lingua minorizada. | 19 |
|------|---|----|

- |        |  |    |
|--------|--|----|
| 2.3.1. | As entidades administrativas (a nivel local, autonómico, estatal, etc) establecen un calendario para a aplicación do plan. | 20 |
|--------|--|----|

- |        |  |    |
|--------|--|----|
| 2.3.2. | Os plans inclúen obxectivos para as normas sobre a lingua minorizada e índices de progreso, e tamén unha avaliación interna e externa da aplicación do plan. | 21 |
|--------|--|----|

- |        |  |    |
|--------|--|----|
| 2.3.3. | O plan analiza, define e identifica prioridades para as habilidades comunicativas e a competencia lingüística necesaria para os postos de persoal da administración. | 22 |
|--------|--|----|

- |        |   |    |
|--------|---|----|
| 2.3.4. | A administración garante un nivel axeitado de competencia lingüística para o persoal actual e na introdución de persoal novo. | 23 |
|--------|---|----|

#### 3. 3. CONTRATOS EXTERNOS

- |     |  |    |
|-----|--|----|
| 3.1 | Cando as administracións externalizan os seus servizos, garanten que as cláusulas relacionadas coa normalización lingüística tamén se aplican de acordo co artigo 2.3. | 24 |
|-----|--|----|

- |      |   |    |
|------|---|----|
| 3.2. | Se non se cumpre o punto 2.3, a administración rescinde o contrato. | 25 |
|------|---|----|

## 4. SECTORES DE ALTA PRIORIDADE

### 4.1. SERVIZOS DE SAÚDE

4.1.1. As administracións recoñecen a dimensión dos dereitos lingüísticos da prestación dos servizos sanitarios. **26**

4.1.2. Os/as residentes teñen que ter competencias lingüísticas axeitadas. **27**

4.1.3. Ao levaren a cabo a planificación establecida en 2.3., as administracións dan a esta área un tratamento específico debido ás súas características especiais e realízase algún plan especial para supervisar o plan. **28**

4.1.4. O plan dá prioridade á esixencia das competencias lingüísticas axeitadas no caso de médicos/as de familia, pediatras, psicólogos/as e psiquiatras, e outro persoal chave en contacto directo coa cidadanía **29**

4.1.5. Outros aspectos do plan concordan cos establecidos en A.2.3. **30**

### 4.2. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

4.2.1. As administracións recoñecen a dimensión dos dereitos lingüísticos na prestación de servizos legais, e en recoñecemento dos dereitos dos grupos minorizados establecidos, as administracións garanten os dereitos dos cidadáns a levaren a cabo os procedementos legais na lingua minorizada. **31**

4.2.2. De acordo co principio da igualdade do tratamento, permítese aos cidadáns e cidadás da comunidade lingüística que leven a cabo calquera procedemento oral ou escrito directamente, sen acudir a intérpretes. **32**

4.2.3. Ao levaren a cabo a planificación establecida en 2.3, as administracións dan a este ámbito un tratamento específico polas súas especiais características e establécese algún sistema para supervisar o plan. **33**

4.2.4. A administración de xustiza aplica as medidas pertinentes para a adquisición axeitada da competencia lingüística entre xuíces/as, fiscais, administradores/as e outros profesionais chave. **34**

4.2.5. A administración de xustiza fornece os textos legais, normas e outros materiais semellantes na lingua minorizada. **35**

4.2.6. Outros aspectos do plan concordan cos establecidos en 2.3. **36**



4.2.7.	A administración pública y de Xustiza facilita rexistros oficiais.	37
<b>4.3.</b>	<b>FORZAS DE SEGURIDADE</b>	
4.3.1.	A administración adopta medidas para a implicación do persoal na aplicación da lei.	38
4.3.2.	Hai pautas legais cando a administración contrata empresas externas para levar a cabo traballos de vixilancia ou seguranza.	39

## B. COMUNICACIÓN

1	As administracións adoptan medidas vinculantes sobre a comunicación interna e externa, incorporando os seguintes conceptos:	40
1.1.	A administración utiliza a lingua minorizada en relación coa súa imaxe corporativa e sinalización.	41
1.2.	A administración utiliza a lingua minorizada na comunicación externa e interna.	42
1.3.	A normativa indica que calquera documento ou publicación oficial será totalmente válido legalmente aínda que estea só na lingua minorizada.	43
1.4.	A administración garante o uso da lingua minorizada en actos públicos, como reunións, presentacións públicas...	44

## C. A LINGUA MINORIZADA NO LUGAR DE TRABAJO

1.	A administración garante o uso da lingua minorizada no lugar de traballo, e rexeita a prohibición da lingua minorizada no contexto laboral.	45
2.	A administración garante que as prácticas laborais e a comunicación oficial entre o persoal teña lugar na lingua minorizada.	46
3.	A administración facilita a creación de documentación administrativa na lingua minorizada.	47
4.	Nos procesos de contratación, garántese a posibilidade de facer os exames na lingua minorizada.	48
5.	A administración fomenta e premia as actitudes positivas cara á lingua minorizada no contexto laboral.	49

### 3. EDUCACIÓN

Medidas relacionadas cos artigos 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 e 30 da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos

#### A. EDUCACIÓN OFICIAL

<b>1. EDUCACIÓN INFANTIL</b>	
1.1. En todos os centros que reciben fondos públicos directa ou indirectamente, os nenos e nenas reciben a educación na lingua minorizada.	50
1.2. Como primeiro paso, a educación na lingua minorizada está dispoñíbel para todas as familias que a solicitaren.	51
1.3. Todas as actividades extracurriculares están dispoñíbeis na lingua minorizada.	52
1.4. O persoal escolar domina a lingua minorizada.	53
1.5. Destínanse recursos adicionais ás clases impartidas na lingua minorizada.	54
1.6. En relación coa comunicación, aplícase o artigo A.2.1 da sección da Administración pública	55

<b>2. ENSINO OBRIGATORIO: educación primaria e secundaria</b>	
2.1. Existe un sistema de inmersión xeral e de mantemento da lingua.	56
2.2. Como primeiro paso, a educación na lingua minorizada está dispoñíbel para todas as familias que a solicitaren.	57
2.3. A formación por medio da lingua minorizada, incluídas as competencias orais e a alfabetización, están dispoñíbeis.	58
2.4. Todas as actividades relacionadas coa escola (xa sexan dentro ou fóra da escola, extracurriculares, etc), están dispoñíbeis na lingua minorizada.	59
2.5. Promóvese de xeito activo a información sobre as vantaxes de adquirir competencias nas linguas minorizadas entre os inmigrantes.	60
2.6. Destínanse recursos adicionais.	61

2.7.	Os centros de ensino deseñaron e aplican os seus proxectos lingüísticos, que inclúen un diagnóstico inicial, obxectivos e idades e que definen a traxectoria de todas as linguas curriculares dentro e fóra da aula.	62
2.8.	Hai recursos humanos e materiais dispoñíbeis para ensinar todas as materias na LM, no nivel de educación secundaria.	63
2.9.	Todo o persoal relevante implicado adquiriu competencias na lingua minorizada.	64
2.10.	En relación coa comunicación, aplícase ao sistema educativo o artigo 2.1. sobre a sección da Administración pública.	65

### 3. EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

3.1.	A educación e formación profesional na lingua minorizada están dispoñíbeis para todos os e as estudantes que o solicitaren.	66
3.2.	Prácticas laborais e de formación dispoñíbeis na lingua minorizada	67
3.3.	Novas áreas profesionais dispoñíbeis na lingua minorizada.	68
3.4.	A administración solicita ás escolas que designen un proxecto lingüístico, unha de cuxas funcións será decidir cando e como incorporar a lingua dominante e as linguas estranxeiras dependendo da situación da escola.	69
3.5.	Todo o persoal relevante implicado é competente na lingua minorizada.	70
3.6.	En relación coa comunicación, o artigo 2.1 da sección da Administración pública aplícase á educación e formación profesional.	71

### 4. UNIVERSIDADE E OUTRA EDUCACIÓN SUPERIOR

4.1.	PROGRAMAS DE ESTUDOS	
4.1.1.	Todas as facultades das institucións de educación superior teñen un plan para identificar o persoal e os estudantes falantes da lingua minorizada e dan prioridade ás súas necesidades.	72
4.1.2.	Todas as materias dos estudos universitarios están dispoñíbeis na lingua minorizada.	73
4.1.3.	Un relatorio periódico fai seguimento da dispoñibilidade real global de cursos e actividades na LM.	74

4.2.	INVESTIGACIÓN	
4.2.1.	As investigacións orixinais poden realizarse e a divulgación a nivel académico pode publicarse na LM.	75
4.2.2.	As contribucións científicas non son rebaixadas polas axencias de avaliación e polas institucións se están escritas na LM.	76
4.3.	En relación coa comunicación, o artigo 2.1. da sección da Administración pública aplícase ás universidades.	77

## 5. ACTIVIDADES EXTRACURRICULARES

5.1.	Todos os cursos das escolas de música e arte de propiedade pública están dispoñíbeis na lingua minorizada	78
5.2.	A administración esixe que estes centros deseñen un proxecto lingüístico, unha de cuxas funcións será especificar a oferta na lingua minorizada e establecer un calendario para ofrecer todo o programa na lingua minorizada, baseado na situación actual.	79
5.3.	Os centros que non sexan de propiedade pública mais que reciban fondos públicos, directa ou indirectamente, deben tamén presentar un proxecto lingüístico de características semellantes.	80
5.4.	Aplicarase o Artigo 2.1. do ámbito da Administración pública na comunicación nas escolas e centros artísticos.	81

## B. EDUCACIÓN NON OFICIAL

### 1. CENTROS DE LECER, CLUBES DEPORTIVOS E FEDERACIÓNS

1.1.	Todas as actividades de todos os centros de lecer de propiedade pública están dispoñíbeis na lingua minorizada.	82
1.2.	A administración esixe que os centros deseñen un proxecto lingüístico, unha de cuxas funcións será especificar a oferta na lingua minorizada e un calendario para a oferta do programa completo na lingua minorizada, baseado na situación actual.	83
1.3.	Os centros que non son de propiedade pública mais que reciben fondos públicos, directa ou indirectamente, tamén deben presentar un proxecto lingüístico con características semellantes.	84

## C. EDUCACIÓN DE PROFESORADO E PERSOAL DE FORMACIÓN

<b>1. PROFESORADO</b>	
1.1. As institucións de formación do profesorado forman no coñecemento e uso da lingua minorizada.	85
1.2. Ofértase formación especial correspondente á situación da lingua minorizada, como se indica a continuación	
1.2.1. As institucións de formación do profesorado forman para ensinar as materias na lingua minorizada, cun alto dominio da lingua.	86
1.2.2. Ofértase a formación específica necesaria para que o profesorado sexa capaz de aplicar un modelo de inmersión nunha situación de multilingüismo.	87
<b>2. FORMADORES</b>	
2.1. Os/as formadores (deporte, lecer) deben ter competencia na lingua minorizada para obter a correspondente certificación.	88
2.2. Fornécense as ferramentas axeitadas para a formación do profesorado para que poidan xestionar os contextos non favorábeis para a lingua minorizada, e ofértase formación continua ou actualización.	89
<b>3. FORMACIÓN AO PROFESORADO EN SERVIZO</b>	
3.1. A formación ao profesorado en servizo inclúe a adquisición da lingua minorizada.	90

## D. APRENDIZAXE DA LINGUA MINORIZADA POR PARTE DOS ADULTOS

1. Os/as cidadáns que queiran aprender a lingua minorizada poden facelo de xeito gratuíto.	91
2. Garántese a dispoñibilidade das clases en calquera lugar, en colaboración con iniciativas de base cando sexa posíbel.	92
3. Inclúese a ensinanza da lingua minorizada na formación para desempregados/as.	93
4. A ensinanza da lingua minorizada incorporárase á formación continua para adultos/as.	94
5. Ofértanse cursos de alfabetización na lingua minorizada de xeito gratuíto.	95

## E. CURRÍCULO E MATERIAIS

### 1. CURRÍCULO

1.1.	Os/as graduados/as escolares acaban por ser falantes da lingua minorizada, da lingua dominante e dunha ou dúas linguas estranxeiras, tornándose dese xeito falantes multilingües da lingua minorizada.	96
1.2.	Coa cultura local como base, o currículo ten compoñentes da cultura europea e universal.	97
1.3.	En concreto, inclúense no programa a sociolingüística, a diversidade lingüística e nocións sobre linguas en contacto.	98
1.4.	As vantaxes da presenza da lingua minorizada no currículo explícanse periodicamente en reunións con nais e pais.	99

### 2. MATERIAL FORMATIVO

2.1.	Hai dispoñíbel material axeitado para a docencia na lingua minorizada.	100
2.2.	Os editores que publican libros de texto na lingua minorizada teñen acceso a subvencións.	101

## 4. ÁMBITO SOCIOECONÓMICO

Medidas relacionadas cos artigos 47, 48, 49, 50, 51 e 52 da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos

### A. SISTEMA REGULADOR

1.	Hai normas axeitadas para promover os dereitos dos consumidores na lingua minorizada.	102
----	---	-----

### B. LINGUA MINORIZADA NAS RELACIÓNS COS CLIENTES

#### 1. GARANTÍAS SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE

1.1.	As mensaxes relacionadas coa seguridade e saúde nos produtos, como instrucións sobre medicamentos, información sobre os riscos dos produtos, etc., están tamén dispoñíbeis na lingua minorizada.	103
1.2.	Os avisos e instrucións relacionados coa saúde e seguridade nas instalacións comerciais están dispoñíbeis tamén na lingua minorizada.	104

<b>2.</b>	<b>INFORMACIÓN PÚBLICA RELACIONADA CO PRODUTO E OS SERVIZOS</b>	
2.1.	A información está dispoñíbel na lingua minorizada (facturas, orzamentos, tarifas, catálogos de produtos, certificados, manuais de instrucións para produtos ou servizos, etc.)	<b>105</b>
2.2.	Lévanse a cabo medidas semellantes relacionadas con produtos e servizos, cando as relacións cos clientes se levan a cabo fóra da zona da lingua.	<b>106</b>
2.3.	A sinalización e a información da empresa tamén está dispoñíbel na lingua minorizada.	<b>107</b>
2.4.	As aplicacións informáticas, os programas, as interfaces, etc. dos produtos tamén están dispoñíbeis na lingua minoritaria.	<b>108</b>
2.5.	Promover pautas de publicidade para o uso das linguas minorizadas nas actividades empresariais.	<b>109</b>

<b>3.</b>	<b>CONFLITOS</b>	
3.1.	A resolución de conflitos cos clientes lévase a cabo dun xeito que garante os dereitos dos consumidores e consumidoras falantes das linguas minorizadas.	<b>110</b>

<b>4.</b>	<b>OS DEREITOS DOS CONSUMIDORES EN SECTORES ECONÓMICOS CHAVE E NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS GARÁNTENSE NA LINGUA MINORIZADA</b>	
4.1.	Aplicación de plans lingüísticos nos seguintes sectores: compañías de seguros, provedores de enerxía, servizos de transporte, empresas de transporte, institucións financeiras, provedores de telefonía, empresas que fornecen atención social e xeral e empresas que fornecen atención sanitaria e servizos postais.	<b>111</b>

## C. A LINGUA MINORIZADA NO LUGAR DE TRABALLO E NO MERCADO LABORAL

1.	Os dereitos dos traballadores/as que falan linguas minorizadas no lugar de traballo están garantidos legalmente.	<b>112</b>
2.	As empresas promoven prácticas nas linguas minorizadas: plans de formación, formación continua, contratos de traballo e acordos laborais, relatorios, mensaxes, anuncios e outros documentos, procedementos internos de traballo, panorama lingüístico, material con contido lingüístico (catálogos, puntos de venda en liña, publicidade)...	<b>113</b>
3.	As empresas facilitan o uso da lingua minorizada no lugar de traballo, e rexeitan a prohibición do uso da lingua minorizada no contexto laboral.	<b>114</b>

## D. RESPONSABILIDADE SOCIAL E EMPRESARIAL

1.	Os sindicatos inclúen cláusulas sobre a lingua minorizada na negociación colectiva para protexer os dereitos lingüísticos dos traballadores e traballadoras e a responsabilidade social.	115
2.	As empresas comprométense de xeito proactivo coas comunidades minorizadas no desenvolvemento da responsabilidade social.	116
3.	As empresas comprométense de xeito proactivo coa creación de comisións para a promoción da lingua minorizada no ámbito socioeconómico.	117
4.	Os sindicatos desenvolven prácticas internas e apoian a planificación da lingua minorizada.	118

## 5. ONOMÁSTICA

Medidas relacionadas cos artigos 31, 32, 33 e 34 da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos

### A. UNHA ENTIDADE AUTÓNOMA PARA A NORMALIZACIÓN DOS NOMES

1.	Hai unha entidade autónoma (por exemplo, unha academia da lingua) que é responsábel da normalización dos nomes na lingua minorizada.	119
2.	A administración e as entidades institucionais usan a listaxe de nomes creada pola academia da lingua como punto de referencia.	120
3.	Recoñécese a liberdade das academias da lingua para crear listaxes de nomes baseadas nas características de cada lingua, sen adoptaren os criterios da lingua dominante.	121
4.	Dar acceso a todas as demais entidades administrativas ás listas de nomes aprobadas polas academias da lingua é responsabilidade da entidade administrativa de máximo nivel.	122

### B. NOMES DE PERSOAS

1.	Os cidadáns e cidadás poden inscribir os seus nomes nos rexistros oficiais coa grafía da lingua minorizada, sen modificacións.	123
2.	Os rexistros permiten á cidadanía traducir os seus nomes á lingua minorizada ou mudar a grafía de acordo coa da lingua minorizada.	124
3.	Ningunha administración pode mudar a grafía dos nomes das persoas nin obrígalas a mudalos, nin a usar unha forma traducida dos seus nomes nin obrígalos a usala.	125



## C. TOPONIMIA

1.	Existe lexislación que garante que os nomes de lugar na lingua minorizada estean sempre presentes nos rexistros oficiais, na sinalización e nos mapas oficiais.	126
2.	A lexislación garante status oficial legal aos nomes de lugar na lingua minorizada.	127
3.	É obrigatorio que as empresas privadas usen os nomes de lugar na lingua minorizada para as rutas de transporte e nas autovías que xestionen.	128
4.	As autoridades públicas dan acceso a unha base de datos que reúne todos os nomes de lugar.	129
5.	Recupéranse, restablécense e dáse status oficial aos nomes de lugar na lingua minorizada dentro do ámbito histórico da lingua.	130
6.	As empresas e outras entidades con acordos coas autoridades públicas ou que reciben delas apoio económico directo ou indirecto deben usar os nomes de lugar na lingua minorizada.	131
7.	As administracións públicas fornecen pautas nas que se solicita que os equipos e ferramentas producidos por empresas privadas para fins cartográficos ou de localización (como GPS) usen os nomes de lugar na lingua minorizada.	132

## 6. MEDIOS DE COMUNICACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS

Medidas relacionadas cos artigos 35, 36, 37, 38, 39 e 40 da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos

### A. MEDIDAS BÁSICAS

1.	As políticas lingüísticas deseñadas e desenvolvidas polas autoridades públicas inclúen unha sección sobre información e tecnoloxías da comunicación onde se se concreta o lugar dos medios e das tecnoloxías da comunicación na política lingüística. De xeito semellante, ao deseñaren as súas políticas de comunicación e de tecnoloxía da información, as autoridades públicas incorporan unha sección relacionada coa lingua.	133
2.	Desenvólvese un sistema de comunicación para a lingua en desvantaxe que ten en conta todos os ámbitos comunicativos e que será xestionada polas institucións e entidades da zona na que se atopa a lingua.	134
3.	O sistema de comunicación xestiónase de xeito complementario entre institucións públicas e xestores de redes sociais (institucións de utilidade pública), traballando conxuntamente en igualdade de condicións e evitando a duplicidade.	135

4.	Desenvólvese unha política de comunicación que favorece a lingua minorizada baseada na colaboración entre autoridades públicas e entidades sociais ou privadas.	136
5.	As administracións públicas adoptan unha estrutura para supervisar a presenza mediática das linguas minorizadas.	137

## B. SOBRE O DEREITO A RECIBIR INFORMACIÓN NA LINGUA MINORIZADA

### 1. MEDIOS DE PROPIEDAD PÚBLICA

1.1.	Existe unha canle de radio pública con programación integramente na lingua minorizada.	138
1.2.	Hai cando menos unha canle de televisión pública con programación integramente na lingua minorizada.	139
1.3.	Hai un xornal diario publicado integramente na lingua minorizada, con financiamento garantido.	140
1.4.	Garántese unha certa presenza da lingua minorizada nos medios de comunicación de propiedade pública principais que estean principalmente na lingua dominante. Destínanse recursos axeitados a cada medio para isto: no caso da prensa, diversas seccións nas linguas non dominantes; na radio, segmentos nesas linguas dentro da programación; na televisión, emítese segmentos facendo uso de subtítulos ou unha segunda canle de audio; nos medios en liña, facilitáanse versións nas diferentes linguas. A presenza deses elementos régúlase por cotas específicas cos mínimos que estableza a política lingüística.	141

### 2. MEDIOS DE PROPIEDAD PRIVADA OU CON ORIXE DE BASE

2.1.	Os medios baseados na lingua minorizada ou integramente nela teñen o mesmo status legal que outros tipos de medios.	142
2.2.	Non se esixe que os medios na lingua minoritaria usen outra lingua.	143
2.3.	Os medios privados que teñan algún contrato coa administración (incluída a publicidade) ou que reciban algún servizo, axuda ou prestación dela, están suxeitos a medidas e cotas lingüísticas que favorezan a lingua minorizada (cotas ou outras medidas).	144
2.4.	As autoridades públicas aplican sistemas de cotas para garantir que a publicidade institucional nos medios usa as linguas da zona, especialmente a lingua minorizada.	145
2.5.	Hai subvencións especiais para os medios que emitan integramente na lingua minorizada.	146

<b>3. MEDIDAS PARA PROMOVER A VISIBILIDADE</b>		
3.1.	Hai unha política de investimento continuo para normalizar a impreña na lingua minorizada nos quioscos por medio da discriminación positiva.	<b>147</b>
3.2.	As autoridades públicas usan recursos para que os e as falantes da lingua minorizada poidan expresarse na súa lingua propia, e promoven a produción na lingua minorizada, por exemplo, para garantir a visibilidade das linguas minorizadas entre os medios da lingua dominante.	<b>148</b>
3.3.	As administracións públicas implantan medidas para mellorar a visibilidade dos medios na lingua en situación de desvantaxe, por exemplo por medio de campañas de comunicación, axudas especiais para que a impreña na lingua minorizada estea presente nos espazos públicos, etc.	<b>149</b>
<b>4. CONTIDOS</b>		
4.1.	Penalízanse os medios que promoven estereotipos negativos ou actitudes racistas cara á lingua minorizada.	<b>150</b>
4.2.	Os medios ofrecen as ferramentas necesarias para apoiar a escolla lingüística dos falantes da lingua minorizada.	<b>151</b>
4.3.	Divúlganse contidos locais nos medios para reforzar a ligazón entre a lingua e o seu espazo.	<b>152</b>
<b>5. NOVOS MEDIOS</b>		
5.1.	Cando se outorguen novas licenzas de emisión, resérvanse licenzas para emisoras de radio ou televisión que emitan integramente na lingua minorizada.	<b>153</b>
5.2.	Cando se outorgan novas licenzas de radio ou televisión, danse pautas para a xestión lingüística ás canles que non emitan na lingua minorizada, para garantir que se destine tempo de emisión á lingua minorizada.	<b>154</b>
<b>6. PROFESIONAIS DOS MEDIOS</b>		
6.1.	Organízanse cursos universitarios para formar os/as profesionais da comunicación na lingua minorizada.	<b>155</b>
6.2.	Permítese aos/ás profesionais do sector da comunicación que traballen na lingua minorizada formaren as súas propias asociacións.	<b>156</b>

**7. RELACIÓNS TRANSFRONTEIRIZAS**

- |      |  |     |
|------|--|-----|
| 7.1. | Cando unha lingua minorizada se fale en máis dun territorio, garántese a posibilidade de recibir as emisións dos medios noutros territorios.   | 157 |
| 7.2. | Se non houberse medios, as autoridades públicas locais, en colaboración cando sexa preciso, garantirán a emisión, cando menos dunha canle de televisión e unha de radio e a publicación dun xornal en toda a comunidade lingüística. | 158 |

**C. NOVAS TECNOLOXÍAS**

- |    |   |     |
|----|---|-----|
| 1. | O software das administracións públicas está localizado ou traducido á lingua minorizada, e cando sexa posíbel, ao dispor do público.   | 159 |
| 2. | Todas as organizacións, empresas ou establecementos comerciais que reciban apoio directo ou indirecto da administración pública deberán garantir que os seus servizos dixitais estean na lingua minorizada como condición para recibiren axudas públicas. | 160 |
| 3. | Estipúlase que todos os servizos dixitais dos provedores da administración estean na lingua minorizada.   | 161 |
| 4. | Incorpórase a avaliación do impacto lingüístico a todas as subvencións relacionadas coas tecnoloxías da información, requirindo que os produtos estean na lingua minorizada.  | 162 |
| 5. | As ferramentas que facilitan o uso da lingua minorizada (como correctores ortográficos, software de tradución, etc) disponibilízanse para a cidadanía.  | 163 |
| 6. | As autoridades públicas chegan a acordos coas empresas para aumentar a presenza dixital de linguas minorizadas.   | 164 |
| 7. | Os produtos dixitais dirixidos ao público máis novo están dispoñíbeis na lingua minorizada, para o que se estipula un calendario e recursos.  | 165 |
| 8. | Os proxectos dixitais desenvolvidos na lingua minorizada teñen preferencia na solicitude de subvencións.  | 166 |

**7. CULTURA**

Medidas relacionadas cos artigos 41, 42, 43, 44, 45 e 46 da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos

**A. DEREITO AO ACCESO Á CULTURA**

- |    |  |     |
|----|--|-----|
| 1. | Apróbanse leis para que todo o mundo teña acceso á cultura da lingua minorizada. | 167 |
|----|--|-----|

2.	As institucións públicas reservan fondos que representen unha porcentaxe específica dos seus orzamentos xerais para promoveren a cultura da lingua minorizada e aseguraren o acceso á cultura universal a través da lingua minorizada.	168
----	--	-----

## B. CULTURA CREADA NA LINGUA MINORIZADA

### 1. APOIO Á CREAMENTO

1.1.	Recoñécese e protéxese o traballo dos e as artistas que crean na lingua minorizada e creouse un estatuto para protexer os dereitos dos creadores/as.	169
1.2.	Hai un fondo para o investimento en proxectos culturais na lingua minorizada.	170
1.3.	Hai un sistema de bolsas para creadores/as na lingua minorizada.	171
1.4.	A administración establece políticas de investimento para apoiar as entidades culturais e a industria cultural na lingua minorizada.	172
1.5.	Establécese unha cota para asegurar a presenza de creacións culturais na lingua minorizada en programas culturais organizados que reciban apoio económico de institucións públicas.	173
1.6.	Fornécense ferramentas para que a terminoloxía de todos os ámbitos de creación estea dispoñíbel na lingua minorizada.	174

### 2. TRANSMISIÓN

2.1.	Os medios públicos teñen programas que informan sobre novas creacións culturais na lingua minorizada.	175
2.2.	Nos programas de noticias nos medios públicos, hai un espazo para a cultura da lingua minorizada, informando sobre expresións culturais de todo tipo.	176
2.3.	Establécese unha cota para información sobre novas creacións culturais na lingua minorizada nos medios que reciben diñeiro público directa ou indirectamente.	177

### 3. VISIBILIDADE

3.1.	Garántese a presenza de arte e cultura na lingua minorizada nas infraestruturas públicas.	178
3.2.	Hai un portal en internet coa axenda cultural na lingua minorizada.	179

3.3.	Hai apoio financeiro para a distribución e a promoción que garante a visibilidade de todos os produtos creados na lingua minorizada.	180
3.4.	Establécense criterios lingüísticos para os actos culturais (programas, paisaxe, contido, etc.) para garantir a presenza oral e escrita da lingua minorizada.	181
3.5.	Desenvólvese de xeito proactivo a visibilidade en foros internacionais de creacións na lingua minorizada (por exemplo, por medio de premios, festivais internacionais, etc.).	182

## C. CULTURA UNIVERSAL NA LINGUA MINORIZADA

1.	Os produtos culturais creados noutras linguas están dispoñíbeis na lingua minorizada (por medio da tradución).	183
2.	Os filmes tradúcense (por subtítulos ou dobraxe) á lingua minorizada.	184
3.	Establécese unha cota para que os cinemas exhiban filmes na lingua minorizada.	185

# ANEXO Nº 1

A Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos de 1996 foi a guía do Protocolo. O relatorio de 2003 da UNESCO «Vitalidade lingüística e linguas en perigo» foi unha referencia fundamental para definir os indicadores de avaliación específicos.

Ademais destas dúas referencias, os seguintes documentos ou cartas tamén foron tidos en conta para o Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos:

## **ORGANIZACIÓN DAS NACIONS UNIDAS**

- Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos (1948)
- Pacto Internacional sobre Dereitos Cívís e Políticos (1966)
- Pacto Internacional sobre Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (1966)
- Proclamación de Teherán (1968)
- Declaración dos Dereitos do Neno (1989)
- Declaración dos Dereitos das Persoas que Pertencen a Minorías Nacionais, Éticas, Relixiosas ou Lingüísticas (1992)
- Declaración e Programa de Acción de Viena (1993)
- Declaración dos Dereitos dos Pobos Indíxenas (2007)

## **CONSELLO DE EUROPA**

- Convención para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais (1950)
- Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minoritarias (1992)
- Convención Marco para a Protección das Minorías Nacionais (1994)

## **UNESCO**

- Declaración Universal sobre a Diversidade Cultural (2001)
- Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais (2005)

## **ORGANIZACIÓN PARA A SEGURIDADE E COOPERACIÓN EN EUROPA (OSCE)**

- Recomendacións da Haia sobre os Dereitos Educativos das Minorías Nacionais (1996)
- Recomendacións de Oslo sobre os Dereitos Lingüísticos das Minorías Nacionais (1998)
- Recomendacións de Lund sobre a Participación Efectiva das Minorías Nacionais (1999)

## **UNIÓN EUROPEA**

- Carta sobre os Dereitos Fundamentais da Unión Europea
- Tratado de Lisboa
- Informe con recomendacións á Comisión sobre as linguas rexionais e menos usadas en Europa (as linguas das minorías na UE) no contexto da ampliación e da diversidade cultural
- Resolución do Parlamento Europeo do 11 de setembro de 2013 sobre linguas europeas en perigo e diversidade lingüística na Unión Europea

## **PEN INTERNACIONAL**

- Manifiesto de Girona sobre os Dereitos Lingüísticos

## **REDE PARA A PROMOCIÓN DA DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA**

- Folla de Ruta para a Diversidade Lingüística

# Comisión de seguimiento

## Jarraipen batzordea



[ = ]

c i e m e n



[www.protokoloa.eus](http://www.protokoloa.eus)

### Secretariado / Idazkaritza



Responsábel pola impresión A Mesa pola Normalización Lingüística